

ACTA SESIÓN PLENO ORDINARIO

27 DE NOVIEMBRE DE 2023

No Salón de Actos do Auditorio Municipal (*por mor das obras de rehabilitación que se levan a cabo na Casa Consistorial de Ribeira*), sendo as **vinte horas do luns 27 de novembro de 2023** (*previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde D. Luis Antonio Pérez Barral o 22-11-2023*) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación según o previsto no artigo 46.2 a) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, coa fin de celebrar pleno ordinario

A celebración do pleno adopta a modalidade de “presencial” según Decreto de Alcaldía de data 22 de novembro de 2023.

Partido Popular (PP)
1.-María José Sampedro Fernández
2.-Ana Isabel Barreiro Rego
3.-Alejandro Vidal Álvarez.
4.-Manuel Emilio Pérez Outeiral
5.-Manuel Vicente Reiriz Bretal.
6.-Victor Reiriz Lampón
7.-Ramón José Doval Sampedro, <i>excusa a súa asistencia por motivos pessoais</i>
8.-Carmen Pérez Gómez.
9.-Rubén Lijó Santos
10.-Eladio Muñiz Muñiz
Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)
1.-Luis Antonio Pérez Barral
2.-María Cruz Rivadulla Márquez
3.-Genoveva María Betanzos Fernández
4.-Antia Alberte Maneiro
5.-Xabier Vidal Peón.
Partido Barbanza Independiente (PBBI)
1.-Vicente Mariño de Bricio
2.-Maria Herminia Pouso Maneiro
3.-Juan Luis Furones Ramos
4.-Tania Redondo Fernández
5.-Fernando Abrales Pérez
Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)
1.-Francisco Suárez-Puerta Colomer

A Corporación está asistida polo **Sr. Secretario** deste Concello, **D. Juan Manuel Salguero del Valle**, que dá fe do acto, e polo **Sr. Interventor** do mesmo, **D. Pablo Bao Castro**.

Antes de iniciar a Sesión o Sr. alcalde-presidente solicita dos presentes gardar un sentido minuto de silencio polo recente pasamento de D. Francisco Sieira Fernández, quen fora concelleiro desta Corporación durante 24 anos e colaborador con varias entidades asociacións culturais e deportivas da localidade.



ORDE DO DÍA

PARTE I.-ADOPCIÓN DE ACORDOS

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO ORDINARIO DE 30 DE OUTUBRO DE 2023.

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do **Pleno ordinario** celebrado o **30 de outubro de 2023**.

En cumprimento do disposto no **artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)**, e o **artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Ribeira**, o **Sr. alcalde-presidente** pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á **sesión ordinaria** do día **30 de outubro de 2023**.

Sen observacións, e sen votación expresa.

O **Sr. alcalde-presidente (grupo m. P.P.)** dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes.

Resulta aprobada por **asentimento** dos membros presentes este acta do pleno:

-Acta do **Pleno da sesión ordinaria** celebrada o **30 de novembro de 2023**.

2.- TOMA DE POSESIÓN DO CONCELEIRO DO PP D. RUBÉN LIJÓ SANTOS.

VISTO que con data 13 de outubro de 2023 (rex nº 24008) presentouse a renuncia expresa por Dna Estrella Franco Lijó, (GM PP) ao cargo de Concelleira, do cal tomou posesión en data 7 de xullo de 2023, tras as eleccións de 28 de maio de 2023, renuncia que foi posta en coñecemento do Pleno da Corporación na Sesión Ordinaria realizada o día 30 de outubro de 2023.

VISTO que con data 15 de novembro de 2023 (rex de entrada nº26490) recibíuse da Xunta Electoral Central a credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato á que corresponde cubrir a vacante producida, en concreto na figura de **D. RUBÉN LIJÓ SANTOS**.

ACREDITADO que **D. RUBÉN LIJÓ SANTOS** cumpreu previamente coas obrigacións establecidas na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral, na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e na da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, en concreto coa obrigación de declarar sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcional ingresos económicos, xunto cunha declaración dos seus bens patrimoniais.

CONSIDERANDO os artigos 182 e seguintes da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de Xuño, do Réxime Electoral Xeneral, o artigo 9.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 26 de novembro, o artigo 1 do Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, regulador da fórmula para toma de posesión de cargos ou funcións públicas e a Instrución de 10 de xullo de 2003, da Xunta Electoral Central, sobre substitución de cargos representativos locais.

O Pleno da Corporación acorda por unanimidade dos seus membros:



Aceptar a toma de posesión de **D RUBÉN LIJÓ SANTOS** (GM PP) do cargo de Concelleiro do Concello de Rineira en substitución de Dna. Estrella Franco Lijó , tras a renuncia voluntaria desta.

E para iso e cumprindo co procedemento legalmente establecido, o Sr. alcalde-presidente insta a **D. RUBÉN LIJÓ SANTOS** que preste a fórmula de toma de posesión (**REAL DECRETO 707/1979, DE 5 DE ABRIL, POR EL QUE SE DETERMINA LA FÓRMULA DE JURAMENTO O PROMESA PARA LA TOMA DE POSESIÓN DE CARGOS O FUNCIONES PÚBLICAS**).

O Sr. Lijó Santos utiliza a seguinte fórmula:

“JURO POR MI CONCIENCIA Y HONOR CUMPLIR FIELMENTE EL CARGO DE CONCEJAL DEL CONCELLO DE RIBEIRA CON LEALTAD AL REY Y GUARDAR Y HACER GUARDAR LA CONSTITUCIÓN COMO NORMA FUNDAMENTAL DEL ESTADO, ASÍ COMO EL ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA”

A continuación, o **Sr. alcalde-presidente** pronuncia unhas palabras de benvida.

Tras a toma de posesión como Concelleiro incorporase ó seu escaño o **Sr. D. RUBÉN LIJÓ SANTOS**, sendo felicitado por todos/as os concelleiros/as da Corporación.

3.- PROPOSTA DE CAMBIO DE DENOMINACIÓN DO EDIFICIO DA “UAD”. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 21 de novembro de 2023 sobre proposta do Sr. concelleiro delegado de Sanidade, que é do seguinte tenor literal:

“JUAN LUIS FURONES RAMOS, co DNI nº 33507214D, na súa calidade de concelleiro delegado de Sanidade, presenta a seguinte

PROPOSTA DE CAMBIO DA DENOMINACIÓN DA UNIDADE DE ATENCIÓN A DROGODEPENDENTES

Neste mesmo ano, a UAD de Ribeira cumpre 30 anos dende a concesión da autorización sanitaria para a súa apertura e posta en funcionamento coma centro sanitario especializado para o tratamento das drogodependencias.

30 anos despois, as circunstancias da Sociedade cambiaron, tanto coma as adiccións predominantes e as súas consecuencias; hoxe en día encontrámonos con outros perfís de adiccións, xa non só a substancias senón tamén a dispositivos, a xogos e apostas (tanto presenciais coma online), a outros medicamentos (algúns de eles de forma legal, consecuencia de tratamentos prolongados coma no caso da sensibilización central), chegando incluso a dependencia de outras persoas e outras cousas materiais que fai 30 anos non existían.

Neste contexto, a nosa Unidade sempre foi un exemplo de apertura a comunidade e de adaptación aos tempos, chegando a contar con recoñecemento, sendo o primeiro centro ambulatorio europeo en contar coa Certificación de Calidades segundo a norma ISO, e tamén o primeiro en contar cunha dobre certificación ao conseguir tamén a da European Foundation for Quality Management (aínda que ambas se perderan por falla de pagamento, despois de ter superados os requisitos técnicos para a súa renovación), así coma de adaptación as circunstancias de cada época, contando con galardóns recoñecidos coma a Nécora de Ouro (pola Fundación Galega Contra o Narcotráfico) e o premio Europress, concedido pola Prensa. Ademáis, foi un Servicio de referencia para a creación e elaboración das unidades do Plan Nacional de Drogas do noso país veciño, Portugal

Deste xeito, hoxe en día, a súa denominación coma Unidade de Asistencia a Drogodependentes non parece a máis adecuada ao Servicio que se ven prestando nela, posto que non só se ocupa do tratamento dos pacientes con algún tipo de adicción a substancias ilegais, senón que tamén inclúe entre a súa actividade tratamento de



pacientes con adicción ao alcohol, trastornos da conducta con adicción aos dispositivos electrónicos, ludopatía e outras moitas afeccións que non teñen cabida na denominación que se viña utilizando ata agora.

Proponse así, o cambio de denominación da UAD de Ribeira por o de UNIDADE DE CONDUCTAS ADITIVAS (UCA), tendo en conta tamén que a Unidade de Día é un programa de réxime semirresidencial da mesma estrutura UCA e, por tanto, desaparecendo o concepto de Servicio de Drogodependencias, que previamente comprendía ambos dous dispositivos asistenciais.

Deste cambio derivaríase, a maiores da aprobación da Comisión de Goberno, os trámites necesarios ante a consellería de Sanidade para a nova denominación, así como a adaptación da sinaléptica e papelaría a nova denominación.

As UCA son centros sanitarios públicos de carácter ambulatorio ou semirresidencial que se encargan do tratamento de persoas con problemas relacionados co abuso de substancias (TUS) tanto legais coma ilegais, máis do tratamento das chamadas DEPENDENCIAS COMPORTAMENTAIS.

A denominación UCA ten a súa orixe na Comunidade Valenciana dende fai aproximadamente 15 anos, consecuencia da adaptación a necesidade de dar resposta, non só aos trastornos relacionados co uso e abuso de drogas (Unidades Asistenciais de Drogodependencias), senón tamén de serviren coma centros de referencia para o tratamento das adiccións sen substancia, tales coma as TIC, o xogo patolóxico, as compras compulsivas, ao seco, ao traballo, etc.

Máis outro dos motivos polo que se propón o cambio de denominación é a redución da carga de estigmatización social coa que se perciben polos cidadáns os centros que tradicionalmente viñanse ocupando de tratar cos problemas de drogas ilegais, de xeito con son percibidos por eles coma “dispensarios” de metadona e adicados exclusivamente aos estratos sociais máis deteriorados e marxinais, aínda que hai moito tempo que nestes centros trátanse problemas derivados tamén do uso de alcohol e é necesario sinalarlas coma dispositivos sanitarios de referencia para calquera conducta aditiva.

A maiores de todo lo exposto, e dado que o tratamento destes trastornos é multidisciplinar, a mesma denominación afunda máis en tódolos aspectos que teñen que ver non só con problemas médico-psiquiátricos máis tamén con todo aquilo que condiciona o comportamento dos afectados e o seu entorno, dende una óptica sistémica en tendo en conta o abordaxe psicolóxico, tanto a nivel individual coma familiar, social, educativo e laboral.

Na xeografía española se denominan UCA, ademais das da Comunidade Valenciana, as unidades de tratamento de Castilla-La Mancha, Baleares, Cantabria e Murcia. Mesmo na nosa Comunidade, son dúas as antigas UAD que actualmente xa se denominan UCA: as de Ourense e Carballo.

Só resta, coma colofón desta exposición, reivindicar a necesidade deste tipo de dispositivos de Saúde Mental de verse incluídos no catálogo de Servicios ofrecidos polo Sergas dentro da área precisamente con esa denominación, dado que os trastornos aditivos ocupan o segundo lugar en prevalencia dentro dos trastornos mentais, e aínda séguense a tratar coma fai 40 anos, en centros non integrados na Sanidade Pública da nosa Comunidade Autónoma.

Por tanto, PROPOÑO ante o Pleno da Corporación, que previos os trámites administrativos que procedan e ditame da Comisión Informativa preceptiva, se proceda ao cambio de denominación da UAD polo de Unidade de Conductas Aditivas

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do **ditame**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 21 de novembro de 2023, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 20 (5 BNG, 5 PPBI, 1 Ps de G-Psoe, 9 PP)



-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIONES: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus vinte membros presentes dos vinteun que de dereito o integran **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 21 de novembro de 2023 sobre **PROPOSTA DE CAMBIO DE DENOMINACIÓN DO EDIFICIO DA “UAD”, e, en consecuencia aproba:**

ÚNICO:- Proceder ao cambio de denominación da UAD polo de **Unidade de Conductas Aditivas**

4.- ENCOMENDA DE XESTIÓN A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS RÍA DE AROUSA ZONA NORTE PARA A REALIZACIÓN DAS ACCIÓNS E TRAMITACIÓNS DAS LICITACIÓNS RECOLLIDAS NA SOLICITUDE DA AXUDA TRAMITADA CO EXPEDIENTE TUR-CAMINO2022-011. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 21 de novembro de 2023 sobre proposta da Alcaldía, que é do seguinte tenor literal:

“VISTO que para intentar facilitar a execución dos proxectos subvencionados as entidades locais poderán encomendar a realización de actividades de carácter material ou técnico da súa competencia a outros órganos ou entidades de dereito público da mesma ou de distinta Administración. A encomenda de xestión non supón alteración da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio.

VISTO que os Concellos dispoñen de competencias en información e promoción da actividade turística atendendo o artigo 25.2 letra h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

VISTO que con data, 30 de decembro de 2021, convocáronse axudas mediante a aprobación da Orde ICT/1528/2021, no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, a cal foi solicitada conxuntamente pola Mancomunidade de Concellos Ría de Arousa Zona Norte e polos Concellos de Rianxo, Boiro, Pobra do Caramiñal e Ribeira.

DADO que pola Secretaría de Estado e Turismo, en data 6 de xullo de 2023, acordouse conceder o importe de 244.200,00 euros a cada un dos concellos solicitantes.

ATENDENDO á Resolución 1/2022, de 12 de abril, da Secretaría General de Fondos Europeos, pola que se establecen instrucións a fin de clarificar a condición da entidade executora, a designación de órganos responsables de medidas e órganos xestores de proxectos e subproxectos, no marco do sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, establécese que as entidades executoras do Plan poderán valerse doutras entidades do sector público, para levar a cabo as accións previstas no mesmo baixo a responsabilidade e dirección da entidade executora.

En virtude do disposto no artigo 47.2 letra h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

Por medio da presente propónse á Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais que, previa deliberación sobre o asunto da súa razón, emita ditame favorable sobre o seguinte:

ACORDO



PRIMEIRO. Encomendar a xestión a Mancomunidade de Concellos Ría de Arousa Zona Norte para a realización das accións e tramitacións das licitacións recollidas na solicitude da axuda tramitada co expediente TUR-CAMINO2022-011, desenvolvendo as medidas contidas no Plan e, en concreto, debendo cumprir cos fitos e obxectivos asignados.

A presente encomenda, engloba a tramitación dos expedientes de contratación que vaian a ser adxudicados ó abeiro da Lei de Contratos do Sector Público, que sexan necesarios para a realización das accións e proxectos recollidos na solicitude de axuda tramitada co expediente TUR-CAMINO2022-011, debendo cumprir cos fitos e obxectivos asignados.

SEGUNDO. Aprobado o texto definitivo do convenio que se acompaña, que recolle todos os aspectos relativos ao obxecto, obrigacións, financiamento e vixencia de encomenda e que queda unido ao expediente.

TERCEIRO. Remitir certificado deste Acordo xunto co texto do convenio a Mancomunidade de Concellos Ría de Arousa Zona Norte para a súa aceptación e firma.

CUARTO. Publicar o referido convenio e o presente Acordo no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña aos efectos do seu xeral coñecemento.

QUINTO. Facultar ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para a sinatura do Convenio e de cantos documentos sexan precisos para a consecución deste Acordo”.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do **ditame**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 21 de novembro de 2023, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 20 (5 BNG, 5 PPBI, 1 Ps de G-Psoe, 9 PP)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓN: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade dos seus vinte membros presentes dos vinteun que de dereito o integran, **aprobo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 21 de novembro de 2023 sobre **ENCOMENDA DE XESTIÓN A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS RÍA DE AROUSA ZONA NORTE PARA A REALIZACIÓN DAS ACCIÓN E TRAMITACIÓN DAS LICITACIÓN RECOLLIDAS NA SOLICITUDE DA AXUDA TRAMITADA CO EXPEDIENTE TUR-CAMINO2022-011**, e, en consecuencia, aproba:

PRIMEIRO. Encomendar a xestión a Mancomunidade de Concellos Ría de Arousa Zona Norte para a realización das accións e tramitacións das licitacións recollidas na solicitude da axuda tramitada co expediente TUR-CAMINO2022-011, desenvolvendo as medidas contidas no Plan e, en concreto, debendo cumprir cos fitos e obxectivos asignados.

A presente encomenda, engloba a tramitación dos expedientes de contratación que vaian a ser adxudicados ó abeiro da Lei de Contratos do Sector Público, que sexan necesarios para a realización das accións e proxectos recollidos na solicitude de axuda tramitada co expediente TUR-



CAMINO2022-011, debendo cumprir cos fitos e obxectivos asignados.

SEGUNDO. Aprobar o texto definitivo do convenio que se acompaña, que recolle todos os aspectos relativos ao obxecto, obrigacións, financiamento e vixencia de encoméndaa e que queda unido ao expediente.

TERCEIRO. Remitir certificado deste Acordo xunto co texto do convenio a Mancomunidade de Concellos Ría de Arousa Zona Norte para a súa aceptación e firma.

CUARTO. Publicar o referido convenio e o presente Acordo no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña aos efectos do seu xeral coñecemento.

QUINTO. Facultar ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para a sinatura do Convenio e de cantos documentos sexan precisos para a consecución deste Acordo”.

ANEXO CONVENIO:

CONVENIO ENTRE A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS RÍA DE AROUSA ZONA NORTE E O CONCELLO DE RIBEIRA

En _____, a ____ de _____ de 20 ____.

REUNIDOS

Dunha parte, o Sr. Presidente da Mancomunidade de Concellos Ría de Arousa Zona Norte, en nome e representación da Mancomunidade de Concellos Ría de Arousa Zona Norte actuando especialmente autorizado para a firma do presente Convenio polo artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

E doutra parte, _____, Alcalde-Presidente do Concello de _____, na representación que ostenta en virtude do artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e autorizado para subscribir o presente Convenio por acordo de data

Ambas as partes recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal suficiente e necesaria para este acto, e libremente:

EXPOÑEN

Ambas entidades locais están amparadas para a subscrición de convenios de colaboración para garantir unha prestación máis eficaz dos servizos da súa competencia, en virtude do disposto nos artigos 11 e 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; 86 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común, e nos artigos 5.2, 187 e 193 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia.



Para intentar facilitar a execución dos proxectos subvencionados as entidades locais poderán encomendar a realización de actividades de carácter material ou técnico da súa competencia a outros órganos ou entidades de dereito público da mesma ou de distinta Administración. A encomenda de xestión non supón alteración da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio.

Os Concellos dispoñen de competencias en información e promoción da actividade turística atendendo o artigo 25.2 letra h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Mancomunidade de Concellos Ría de Arousa Zona Norte asume a competencia en materia de fomento e explotación do turismo en virtude do artigo 7 dos seus Estatutos.

Con data, 30 de decembro de 2021, convocáronse axudas mediante a aprobación da Orde ICT/1528/2021, no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, a cal foi solicitada conxuntamente pola Mancomunidade de Concellos Ría de Arousa Zona Norte e polos Concellos de Rianxo, Boiro, Pobra do Caramiñal e Ribeira.

Pola Secretaría de Estado e Turismo, en data 6 de xullo de 2023, acordouse conceder o importe de 244.200,00 euros a cada un dos concellos solicitantes.

Atendendo a Resolución 1/2022, de 12 de abril, da Secretaria General de Fondos Europeos, pola que se establecen instrucións a fin de clarificar a condición da entidade executora, a designación de órganos responsables de medidas e órganos xestores de proxectos e subproxectos, no marco do sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, establécese que as entidades executoras do Plan poderán valerse doutras entidades do sector público, para levar a cabo as accións previstas no mesmo baixo a responsabilidade e dirección da entidade executora.

Ditas entidades do sector público, non terán a condición de entidades executoras do PRTR, sino que a súa participación no mesmo terá, os efectos do sistema de xestión establecido na Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, un carácter meramente instrumental.

CLÁUSULAS

PRIMEIRO. Obxecto do convenio

Que a finalidade do presente Convenio é encomendar á xestión a Mancomunidade de Concellos Ría de Arousa Zona Norte, para a realización das accións e tramitacións das licitacións recollidas na solicitude da axuda tramitada co expediente TUR-CAMINO2022-011, desenvolvendo as medidas contidas no Plan e, en concreto, debendo cumprir cos fíos e obxectivos asignados.

A presente encomenda, inclúe a tramitación dos expedientes de contratación que vaian a ser adxudicados ó abeiro da Lei de Contratos do Sector Público, que sexan necesarios para a realización das accións e proxectos recollidos na solicitude de axuda tramitada co expediente TUR-CAMINO2022-011, debendo cumprir cos fíos e obxectivos asignados.

A este fin recibirá o financiamento percibido polos Concellos servindo este acordo coma compromiso de ingreso e debendo ser ingresado no momento no que os Concellos perciban os anticipos.

A Mancomunidade levará o seguimento destas cantidades mediante un proxecto de gasto aberto con esta finalidade.



SEGUNDA. Obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

O Concello:

-O Concello comprométese a achegar a cantidade de 244.200,00 euros, cantidade concedida mediante a resolución da Secretaría de Estado de Turismo en data 6 de xullo de 2023, para a execución dos proxectos descritos na memoria, tramitada co expediente TUR-CAMINO2022-011, ó abeiro das axudas convocadas mediante Orde ICT/1528/2021.

O presente convenio servirá como compromiso de ingreso o cal deberá ser transferido a Mancomunidade no momento no que o Concello perciba os anticipos.

-A entidade executora, o Concello, deberá comunicar á Secretaría Xeral de Fondos Europeos a relación coa Mancomunidade remitindo a encomenda que se formalice.

A Mancomunidade:

-A Mancomunidade de Concellos Zona Arousa Norte recibirá o financiamento percibido polo Concello servindo o presente convenio como compromiso de ingreso.

-A Mancomunidade levará o seguimento destas cantidades mediante un proxecto de gasto aberto con esta finalidade e destinará as cantidades transferidas á licitación dos proxectos descritos na memoria tramitada co expediente TUR-CAMINO2022-011, ó abeiro das axudas convocadas mediante Orde ICT/1528/2021

-A Mancomunidade comprométese con cargo a financiación recibida a tal fin, a realizar as accións asignadas coa finalidade de axudar a entidade executora, o Concello, a desenvolver as medidas contidas no Plan, e en concreto, a cumprir cos fitos e obxectivos asignados como parte da Decisión de Execución do Consejo de acordo coas indicacións de seguimento, na forma e nos prazos previstos e baixo as directrices da entidade executora.

-A Mancomunidade facilitará á entidade executora toda a información de seguimento necesaria e, concretamente, a requirida para dar cumprimento ás obrigas de información recollidas na Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro, a través da plataforma COFFEE

-A Mancomunidade deberá cumprir cos principios transversais recollidos no Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 e no artigo 2 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, incluíndo a obriga de dispor dun Plan Antifraude e de existencia de cumprimentación das declaracións de ausencias de conflito de interese, de cesión e tratamento de datos e de compromiso de cumprimento dos principios transversais por parte dos intervenientes na xestión e execución.

-A Mancomunidade facilitará á entidade executora toda a información de seguimento e xustificación necesaria e, concretamente, a requirida para dar cumprimento ás obrigas de información e xustificación recollidas na Orde ICT/1528/2021, de 30 de decembro, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

TERCEIRA. Consecuencias por incumprimentos das obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

O eventual incumprimento dará lugar ao reintegro total ou parcial das cantidades correspondentes ás actividades pendentes de realizar, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria

CUARTA. Mecanismos de seguimento, vixilancia e control de execución do convenio.



4.1. Comisión de seguimento

Para garantir a correcta execución e o seguimento da execución deste Convenio poderase constituír unha Comisión de Seguimento

As súas funcións serán as de resolver cantas cuestións poida expor a interpretación e o cumprimento do presente convenio, así como as de levar a cabo o seguimento da normal execución das actuacións previstas no mesmo, determinando os criterios e modos para posibilitar a mutua información e axeitado cumprimento dos compromisos respectivos.

Durante a vixencia do convenio e a proposta de calquera das partes, a comisión reunirase previa convocatoria sempre que o requira a boa marcha dos traballos.

O quórum necesario para a válida constitución da comisión será o de maioría dos seus membros, adoptándose os seus acordos por maioría de votos

QUINTA. Réxime de modificación do convenio.

Os termos do presente convenio poderán ser modificados de mutuo acordo entre pártelas subscritoras. A modificación incorporarase como parte inseparable do texto do convenio

SEXTA. Prazo de vixencia do convenio

O presente convenio causa efectos desde o momento da súa firma e atóparase vixente ata a xustificación e resolución do expediente TUR-CAMINO2022-011 de concesión de axudas. Non podendo superar o prazo de duración de catro anos, prorrogables outros catro previo acordo das partes

SÉTIMA. Extinción do convenio

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

En caso de resolución do convenio, as partes quedan obrigadas ao cumprimento dos seus respectivos compromisos até a data en que esta prodúzase.

Serán causas de resolución:

- *O transcurso do prazo de vixencia sen haberse acordado prórroga.*
- *O acordo unánime das partes.*
- *O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por algunha das partes.*
- *Por declaración xudicial de nulidade.*
- *Por calquera outra causa prevista nas leis.*

OITAVA. Réxime xurídico e resolución de controversias.

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa conforme ao disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da



aplicación do presente Convenio, deberán liquidarse, de mutuo acordo, a través da Comisión de Seguimento prevista na cláusula 4.

Tentada sen éxito a vía da Comisión de Seguimento, competerá á Xurisdición Contencioso Administrativo a resolución das cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación do presente Convenio, de conformidade coas previsións contidas na Lei 29/1998 de 13 de Xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de conformidade, asínase o presente Convenio, por duplicado, no lugar e data arriba indicado.

5.-APROBACIÓN INICIAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2/2023.

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 21 de novembro de 2023 sobre proposta da Alcaldía, que é do seguinte tenor literal:

EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2/2023.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Conforme ao establecido na Providencia de iniciación do presente expediente de modificación de créditos, e á vista do Informe de Intervención, esta Alcaldía eleva ao Pleno para a súa consideración e, se procede, aprobación, a seguinte proposta de acordo:

1º.-“Aprobación inicial do CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2/2023, segundo o seguinte detalle:

APLICACIÓN GASTOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
431.47203	Programa bonos QR	118.150,00
APLICACIÓN INGRESOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
870.00	Remanente de tesourería para gastos xerais	118.150,00

2º.- Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ao público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

3º.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobada a modificación inicialmente publicada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello”.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do **ditame**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 21 de novembro de 2023, co seguinte resultado:



-VOTOS A FAVOR: 20 (5 BNG, 5 PBBI, 1 Ps de G-Psoe, 9 PP)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIONES: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus vinte membros presentes dos veintún que de dereito o integran **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 21 de novembro de 2023 sobre **APROBACIÓN INICIAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2/2023** e, en consecuencia, aproba:

PRIMEIRO:-“Aprobación inicial do **CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2/2023**, segundo o seguinte detalle:

APLICACIÓN GASTOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
431.47203	Programa bonos QR	118.150,00
APLICACIÓN INGRESOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
870.00	Remanente de tesourería para gastos xerais	118.150,00

SEGUNDO:- Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ao público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

TERCEIRO:- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobada a modificación inicialmente publicada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello”.

6.- PROPOSICIÓN GM PP PRESENTADA POR DÑA. MARÍA JOSÉ SAMPEDRO FERNÁNDEZ SOBRE A CONSTRUCCIÓN DO NOVO CENTRO DE SAÚDE DE RIBEIRA.

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 21 de novembro de 2023 sobre proposición presentada polo **GM** do **PP** e no su nome por **Dña. María José Sampedro Fernández** con data 14 de novembro de 2023 (rex de entrada 15-11-2023, nº 26532) que é do seguinte tenor literal:

“María J. Sampedro Fernández, con DNI 53484719-J, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, presenta ao Pleno da Corporación Municipal de Ribeira, de conformidade co disposto no artigo 116.1.c do Regulamento Orgánico Municipal, a seguinte PROPOSICIÓN.

O Grupo Municipal do Partido Popular de Ribeira quere mostrar a súa preocupación con respecto ás últimas novas publicadas polo Goberno Tripartito referentes á construción do novo Centro de Saúde de Ribeira: unha instalación que foi incluída no Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria da



Xunta de Galicia aprobado en outubro de 2021 e que, ao duplicar o espazo actual, permitiría ampliar a oferta de servizos prestados e incrementar as consultas en áreas como médico de familia, pediatría ou urxencias extrahospitalarias.

Discrepamos das palabras pronunciadas polo alcalde Luís Pérez Barral na súa visita da semana pasada á actual instalación xunto á Casa do Mar, na que sostivo que a Consellería de Sanidade estaba a “pedir demasiados metros cadrados de superficie, algo imposible de conseguir no casco urbano neste momento”.

Convén recordar que os propios grupos do BNG, PBBI e PSOE desbotaron no pleno ordinario de marzo do 2023 a proposta do Goberno de Manuel Ruiz para poñer a disposición unha parcela de máis de 2.000 metros cadrados próxima á Escola Infantil Municipal e aos aparcadoiros gratuítos de Abesadas (por certo, xusto no entorno do proxecto de circunvalación que defenden os grupos do Tripartito). Naquela sesión plenaria, o señor Pérez Barral rebateu esta proposta afirmando: “Eu xa sei que vostede está esgotado e cansado de gobernar” e “se non quere buscar alternativas para aprobar propostas en positivo para Ribeira, pode facer unha cousa: dimita, marche e déixenos a outros gobernar”.

A arrogancia daquelas palabras contrasta coa incapacidade que desprenden as actuais declaracións do alcalde do BNG. De feito, existen no casco urbano varias parcelas que cumpren os requisitos, e o único que se precisa é capacidade de xestión e vontade de atender as necesidades dos ribeirenses. O que debe facer o equipo de goberno é poñerse as pilas e buscar de contado un terreo para poñelo a disposición da Consellería de Sanidade (como xa o fixeron outro concellos como Ames ou A Estrada, por exemplo) para que os veciños e as veciñas de Ribeira non se queden sin un novo Centro de Saúde.

Por si este goberno ten a ben recoller algunha proposta realizada por outro grupo, lembramos que o Partido Popular trouxo no seu programa electoral outra alternativa consistente no desenvolvemento do Plan Parcial de Abesadas A previsto no PXOM: unha iniciativa para crear equipamentos, zonas verdes, aparcamentos, pistas deportivas e vivendas residenciais nunha superficie de 60.000 metros cadrados próxima aos Xulgados, que entronca coa Axenda Urbana de Ribeira Atlántica ao establecer entre os seus obxectivos “a revisión das áreas de desenvolvemento e transformación do Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente para mellorar a oferta residencial e mellorar o sistema de equipamentos e zonas verdes públicas do municipio”.

Fronte ás palabras de resignación mostradas dende o Goberno Municipal, este Grupo Municipal volve a tender a man na procura de buscar alternativas viables e reais para que o Concello atope unha solución a esta necesidade e non perdamos unha infraestrutura que tan ben lle viría a Ribeira.

É por iso que o Grupo Municipal do Partido Popular quere propoñer ao pleno:

- 1- Instar ao Goberno Municipal a identificar as parcelas que cumplan os requisitos do Sergas no casco urbano e presentalas nunha xunta de voceiros para avaliar as opción existentes.
- 2- Impulsar o desenvolvemento do Plan Parcial de Abesadas A previsto no PXOM e, en caso de non prosperar o primeiro punto, destinar unha parcela para a ubicación do novo Centro de Saúde.
- 3- Manter informados aos grupos dos avances que se realicen neste senso”.

Asemada dase contad dunha **emenda de substitución** conxunta presentada polos Grupos Municipais do **BNG**, **PBBI** e **Ps de G-Psoe** e no seu nome, respectivamente, **Dna. M^a Cruz Rivadulla Márquez**, **D. Vicente Mariño de Bricio** e **D. Francisco Suárez-Puerta Colomer**, do seguinte tenor literal:

1.-O Concello de Ribeira identificará as parcelas existentes no centro urbano que poidan acoller o novo centro de saúde que cumpran co requisito de estaren nun espazo céntrico e con posibilidade de ter bo acceso ao



transporte público. As parcelas identificadas seranlle ofrecidas á Consellaría de Sanidade para que poida decidir a mellor para construír ese novo equipamento.

2.-A Corporación Municipal insta á Consellaría de Sanidade a responder a solicitude de reunión realizada polo alcalde de Ribeira e empra a ao conselleiro a recibilo á maior brevidade posible.

3.-Manter informados aos grupos da Corporación Municipal dos avances que se vaian facendo.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do **ditame e da proposición do GM do PP**, así como da **emenda de substitución** conxunta dos Grupos Municipais do **BNG**, **PBBI** e **Ps de G-Psoe**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, en cumprimento do disposto no artigo 116.1.e) do Regulamento Orgánico do Concello de Ribeira sómetese a votación ordinaria en primeiro lugar a **emenda de substitución**, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 11 (5 BNG, 5 PBBI, 1 Ps de G-Psoe)

-VOTOS EN CONTRA: 9 PP

-ABSTENCIONES: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 21 de novembro de 2023 sobre **PROPOSICIÓN GM PP PRESENTADA POR DNA. MARÍA JOSÉ SAMPEDRO FERNÁNDEZ SOBRE A CONSTRUCCIÓN DO NOVO CENTRO DE SAÚDE DE RIBEIRA**, e, en consecuencia, aproba:

PRIMEIRO:-O Concello de Ribeira identificará as parcelas existentes no centro urbano que poidan acoller o novo centro de saúde que cumpran co requisito de estaren nun espazo céntrico e con posibilidade de ter bo acceso ao transporte público. As parcelas identificadas seranlle ofrecidas á Consellaría de Sanidade para que poida decidir a mellor para construír ese novo equipamento.

SEGUNDO:-A Corporación Municipal insta á Consellaría de Sanidade a responder a solicitude de reunión realizada polo alcalde de Ribeira e empra a ao conselleiro a recibilo á maior brevidade posible.

TERCEIRO:-Manter informados aos grupos da Corporación Municipal dos avances que se vaian facendo.

7.- PROPOSICIÓN GM PP PRESENTADA POR DNA. MARÍA JOSÉ SAMPEDRO FERNÁNDEZ CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO E EN DEFENSA DOS DEREITOS E IGUALDADE DAS MULLERES.

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo de data 21 de novembro de 2023 sobre proposición presentada



polo GM do PP e no seu nome por Dna. María José Sampedro Fernández con data 15 de novembro de 2023 (rex de entrada 15-11-2023, nº 26534) que é do seguinte tenor literal:

“O Grupo Municipal do Partido Popular de Ribeira, a través da súa voceira, Maria Sampedro Fernández, con D.N.I: 53484719-J conforme ao previsto no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para elevar ao Pleno a Propuesta de Moción que trae su causa en la siguiente: CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO E EN DEFENSA DOS DEREITOS e IGUALDADE DAS MULLERES.

A loita contra a violencia de xénero é un dos temas máis relevantes e urxentes que vén centrando a atención pública nas últimas décadas. Un tema que pasou, afortunadamente, de ser considerado unha cuestión do ámbito privado, a encabezar a lista de problemas públicos de máxima importancia e a acadar altísimas cotas de consenso, social e político, aoseu redor. É por iso que, hoxe en día, segue a ser unha cuestión que interpela a toda a sociedade en xeral e á cidadanía en particular, ao tempo que constitúe unha das grandes preocupacións na defensa dos dereitos humanos, centrando, ademais, como non podería ser doutro xeito, unha parte importantísima da acción dos poderes públicos.

Neste senso, en España e Galicia, déronse importantes avances en moi distintos eidos para acadar a erradicación da violencia de xénero. No ámbito lexislativo estatal, en 2004 aprobábase a Lei orgánica 1/2004 de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, que establecía medidas de sensibilización, prevención, detección, protección e asistencia as mulleres vítimas deste tipo de violencia.

No ámbito xudicial, creáronse os xulgados especializados de Violencia sobre a Muller. E, en 2017, aprobábase no Congreso dos Deputados, coa única abstención de Podemos e a instancia dun acordo entre o PP e o PSOE, o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Este pacto incorporaba tamén as achegas realizadas desde Galicia, aprobadas por unanimidade polos grupos políticos do Parlamento galego, entre les o partido popular.

O Pacto de Estado contra a violencia de xénero é un punto de inflexión e impulso para as políticas públicas de loita contra a violencia de xénero. Contaron coa contribución de numerosas asociacións, personas expertas en materia de violencia sobre as mulleres e as aportacións feitas tamén polas comunidades autónomas.

En Galicia nos últimos 20 anos vimos avanzando nesta material, así a lei 11/2007, do 27 Xullo, para a prevención integral da violencia de xénero, modificada no ano 2016 e que engadiu como violencia de xénero a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual.

A lei 14/2021, do 20 Xullo, que incorporou a violencia vicaria tamén como unha forma de violencia de xénero. A lei 15/2021, 3 de decembro, tamén galega que introducía un novidoso concepto de violencia de xénero dixital, ou mais recentemente a lei que estará aprobada a semana que ven no Parlamento de Galicia, a nova Lei de galega de Igualdade entre mulleres e homes que avanza en dereitos fundamentais para as mulleres. Empoderando as mulleres en todos os ámbitos da vida profesional, laboral, de salarios, no deporte, na xestión do seu ocio, en prestacións para as mulleres, implementando medidas contra o acoso ou o fomento da conciliación ou o teletraballo. Entre outros. E poñendo o foco nas mulleres rurais e do mar. Fomentando políticas de igualdade dende o punto de vista medioambiental. En definitiva, unha lei pioneira.

O grupo municipal popular considera a loita contra a lacra da violencia de xénero unha loita de todos, e na que cada punto de vista neste sentido conta. É por eso, o longo desde 12 anos vimos avanzando no camiño para que a igualdade sexa real e efectiva no noso Concello.

Avanzando nesta materia, creando as Mesas de coordinación en violencia de género, no que facíamos participe á veciñanza, facendo campañas de formación e sensibilización en Centros educativos de primaria, ESO e incluso o alumnado dos ciclos de Ribeira. Asasociacións, promovendo obradoiros coeducativos en todas las etapas educativas con actividades multidisciplinares, formación a mulleres de autoestima, empoderamento, prevención en violencia de xénero, saúde, competencias dixitais, defensa persoal, etc. Incluso, se puso en marcha un protocolo de actuación en casos sospechosos de sumisión química pioneira na nosa CC.AA.

Ademáis dende o Concello levouse a cabo Formación ao personal do Concello, sobre igualdade e linguaxe inclusivo, aprobouse por unanimidade un reglamento linguaxe inclusiva. Imosxa polo III plan de Igualdade entre mulleres e homes do Concello de Ribeira. E tamén, poñemos todos os anos en valor a determinadas profesións de mulleres aínda invisibilizadas.



Seguindo as obrigas do III PIOM 2019-2023 do Concello de Ribeira, creouse a Comisión de Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres 2019-2023 encargada de darlle impulso, planificación, coordinar e implementar as accións, así como facer o seguimento e avaliación deste III PIOM 2019-2023.

Así mesmo, vimos incrementado por parte da Xunta de Galicia 16.000 para acometer unas reformas no CIM, para mellorar a atención que se presta ás vítimas, así como os 45.000 euros que recibimos de mantemento e 13.000 do Pacto de Estado. Nos consta que é un dos CIM que mellor funciona da Comarca, sin minusvalorar a ningún outro. Valoramos moi positivamente o labor que desde o mesmo se fai, e queremos agradecerllo desde aquí.

Pero aínda creemos que podemos ir mais aló nesta loita de todos contra a Violencia de Xénero e no ano 2022 inaugurábase ese punto de encontro familiar tan demandado nanosa comarca e que beneficiaría a dúcias de familias.

Tamén na pasada lexislatura solicitamos no marco das mesas de coordinación local, onde participaban forzas e corpos de seguridade como o Corpo da Policía Nacional e da policía local, e plantexábase naquela xuntanza a adhesión ao sistema VioGem, un obxectivo por aquel entón que hoxe queremos volver a reiterar e que vai en consonancia coas peticións que vimos facendo no último pleno de incrementar efectivos para adicar neste caso, a loita contra a violencia de xénero, poñendo a disposición ferramentas efectivas contra esta lacra social.

Por todo o exposto, O Grupo Municipal do Partido Popular presenta a seguinte proposición, solicitamos:

“1.-Seguir implementando medidas de apoio e protección integral as vítimas de violencia de xénero, así como os nenos e nenas da unidade familiar.

2.-Implementar campañas de concienciación e sensibilización a nivel familiar, no entorno educativo cantanto coa participación das asociación a nivel comarcal e local.

3.- Solicitar a adhesión do Concello de Ribeira ao sistema VioGen.

4.-Avanzar no “IV PIOM Concello de Ribeira 2023-2027”.

Asemada dase contad dunha **emenda de substitución** conxunta presentada polos Grupos Municipais do **BNG**, **PBBI** e **Ps de G-Psoe** e no seu nome, respectivamente, **Dna. Mª Cruz Rivadulla Márquez**, **D. Vicente Mariño de Bricio** e **D. Francisco Suárez-Puerta Colomer**, do seguinte tenor literal:

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do **ditame e da proposición do GM do PP**, así como da **emenda de substitución** conxunta dos Grupos Municipais do **BNG**, **PBBI** e **Ps de G-Psoe**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo de data 21 de novembro de 2023, **una vez consensuada a incorporación da emenda ó punto terceiro**, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 20 (5 BNG, 5 PBBI, 1 Ps de G-Psoe, 9 PP)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIONES: 0



Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus vinte membros presentes dos vinteun que de dereito o integran, **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo de data 21 de novembro de 2023 sobre **PROPOSICIÓN GM PP PRESENTADA POR Dña. MARÍA JOSÉ SAMPEDRO FERNÁNDEZ CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO E EN DEFENSA DOS DEREITOS E IGUALDADE DAS MULLERES**, e, en consecuencia, aproba:

“PRIMEIRO.-Seguir implementando medidas de apoio e protección integral as vítimas de violencia de xénero, así como os nenos e nenas da unidade familiar.

SEGUNDO.-Implementar campañas de concienciación e sensibilización a nivel familiar, no entorno educativo contanto coa participación das asociación a nivel comarcal e local.

TERCEIRO.- Solicitar a adhesión do Concello de Ribeira ao sistema VioGen.

CUARTO.-Avanzar no “IV PIOM Concello de Ribeira 2023-2027”.

PARTE II.- CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

8.- DAR CONTA INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES A QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DE 25 DE XULLO. CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2023.

Dase conta un informe de Tesourería de data 26 de outubro de 2023 do seguinte tenor literal:

“INFORME TESOURARÍA

Estado de tramitación das facturas recibidas no TERCEIRO TRIMESTRE 2023.

(Lei 15/2010, de 15 de xullo de medidas de loita contra a morosidade)

É obxecto deste informe cumprir o disposto no artigo 4 da Lei 15/2010 apartado terceiro que di:

“Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones Locales elaborarán un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo”

Igualmente o artigo 5.1 c) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional establece coma función da Tesouraría municipal:

“La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al cumplimiento de los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.”

Por todo o anterior emítese o seguinte informe en base a seguinte

I. NORMATIVA APLICABLE

-Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais

-Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro

-Real Decreto-Lei 4/2013 de 22 de febreiro, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro

-Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.



-RDL 2/2004, de 5 de marzo. Texto refundido da Lei de facendas locais

-Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público

-Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira

-Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

-Orde Ministerial HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información.

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

A Lei Orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce unha disposición adicional quinta co seguinte literal:

“Disposición adicional quinta. Prazo de pago a provedores.

As referencias nesta lei ao prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade para o pago a provedores entenderanse feitas ao prazo que en cada momento estableza a mencionada normativa vixente e que, no momento de entrada en vigor desta Lei, é de trinta días.”

Do mesmo xeito, o artigo 198.4 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, establece as seguintes obrigas da Administración:

- Terá obrigación de abonar o prezo dentro dos 30 días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados.

- Deberá aprobar as certificacións de obra ou documentos que acrediten a conformidade dentro dos 30 días seguintes á entrega efectiva dos bens ou prestación de servizos.

Todo iso sempre xunto ás previsións do 198.4 LCSP no que se establece que se a Administración recibe a factura con posterioridade á data de recepción da obra ou prestación do servizo, o prazo de 30 días de pago comeza a contar desde a correspondente presentación da factura.

Respecto a **que operacións débense incluír no cálculo**, a Lei 3/2004, establece no seu artigo 3, apartado 1, o seguinte:

“Esta Lei será de aplicación a todos os pagos efectuados como contraprestación nas operacións comerciais realizadas entre empresas, ou entre empresas e a Administración (...).”

O cal implica:

- 1 °. Afecta principalmente os capítulos II e VI das entidades de orzamento limitativo coma é a do concello, e con menor relevancia aos capítulos I (en particular e a modo de exemplo, en caso de revestir ou cumprir as condicións para ser considerada como unha operación comercial: artigo 16, respecto de a asistencia médico-farmacéutica e/o similares I), IV e VII.
- 2 °. Quedan fóra do ámbito da Lei as operacións que non estean baseadas nunha relación comercial, tales como as que son consecuencia da relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiatoria.
- 3 °. O destinatario ten que ser unha empresa, ou entidade que actúa como tal, quedando, por tanto, excluídas as que se producen entre distintas entidades do sector público.
- 4 °. Por tanto, no ámbito local, corresponderanse con:



- gastos correntes en bens e servizos
- investimentos

Respecto aos **datos a incluír no informe**, a execución orzamentaria rexistrada na contabilidade municipal sobre o total de pagos materiais realizados entre os días 1 de XULLO de 2023 e o 30 DE SETEMBRO DE 2023 obtense a seguinte información, desagregada segundo o disposto no artigo 16.6 da Orde Ministerial HAP/2105/2012:

a) Facturas ou documentos xustificativos pagados no trimestre:

Pagos Realizados en el Periodo	Periodo medio pago (PMP)(días)	Dentro periodo legal pago		Fuera periodo legal pago	
		Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bienes Corrientes y Servicios					
20- Arrendamientos y Canones	22,70	26	53.604,84 €	10	16.504,73 €
21- Reparación, Mantenimiento y conservación	18,28	139	613.131,84 €	4	3.802,11 €
22- Material, Suministro y Otros	17,84	635	2.453.243,02 €	61	82.096,56 €
23- Indemnización por razón del servicio	12,32	25	1.416,71 €	0	0
24- Gasto de Publicaciones	0,00	0	0,00	0	0,00
26- Trabajos realizados por Instituciones s.f. de lucro	14,00	1	2.750,00 €	0	0,00
Inversiones reales	7,42	56	2.365.678,75 €	4	39.582,74 €
Otros Pagos realizados por operaciones comerciales	13,87	32	74.916,37 €	0	0
Pagos Realizados Pendientes de aplicar a Presupuesto	19	1	187.794,20 €	0	0
TOTAL pagos realizados en el trimestre	13,68	915	5.752.535,73 €	79	141.986,14 €

b) Xuros de demora

Xuros de mora pagados no trimestre	Xuros pagados no período	
	Número de pagos	Importe total xuros
Gastos Corrientes en Bense Servicios Inversións reais Outros Pagos realizados por operaciónscomerciais Sen desagregar	0	0,00 €

c) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre

Facturas o Documentos xustificativos Pendentes de Pago ao Final do Período	Ratio Operacións Pendentes de	Dentro Período Legal Pago ao Final do Período	Fora Período Legal Pago ao Final do Período
--	-------------------------------	---	---



	Pago (PMPP) (días)	Número de operacións	Importe total	Número de operacións	Importe total
Gastos en Bens Correntes e Servicios					
20- Arrendamentos e Canones	30,58	7	9.451,39 €	19	7.131,22 €
21- Reparación, Mantemento e conservación	97,20	20	6.482,32 €	3	4.337,00 €
22- Material, Subministro e Outros	61,33	85	86.351,83 €	92	94.145,02 €
23- Indemnización por razón do servizo	0,00	0	0,00	0	0,00
24- Gasto de Publicacións	0,00	0	0,00	0	0,00
26- Traballos realizados por Institucións s.f. de lucro	0,00	0	0,00	0	0,00
Inversións reais	56,47	4	102.219,62 €	5	69.339,72 €
Outros Pagos pendentes por operacións comerciais	1,05	2	1.789,26 €	0	0,00
Pagos Pendentes de aplicar a Presuposto	88,96	0	0,00 €	33	139.726,23 €
TOTAL operacións pendentes de pago a final del trimestre	66,70	118	206.294,42 €	152	314.679,19 €

Polo que se refire a **remisión de información** o artigo 4.4 da Lei 15/2010, establece: “4. Sen perxuício da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, o devandito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo a seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos devanditos informes.”

A remisión da devandita información realizarase con carácter trimestral pola Intervención municipal de conformidade co artigo 16.6 da Orde HAP 21/05/2012.

CONCLUSIÓN

Atendendo as consideracións expostas o cumprimento do período legal de pago establecido pola normativa de morosidade correspondente ao concello de Ribeira do período de referencia é conforme á normativa exposta polo que se refire as operacións pagadas ao situarse o mesmo en 13,68 días pero incúmprense os prazos respecto as operacións pendentes de pago ao final do trimestre, xa que logo correspóndese con 66,70.

En Ribeira, asinado dixitalmente

O Tesoureiro municipal

Félix M. Carrasco del Pozo”

O pleno queda enterado.

9.- DAR CONTA DAS ACTUACIÓNS DE CONTROL FINANCIERO 2023 E DO INFORME RESUMO ANUAL



Dase conta un informe de Intervención de data 10 de novembro de 2023 do seguinte tenor literal:

“INFORME RESUMO DOS RESULTADOS DO CONTROL INTERNO.

INTRODUCCIÓN

Conforme establece o artigo 37 do RD 424/17, de 28 de abril polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público, o órgano interventor deberá elaborar con carácter anual e con ocasión da aprobación da Conta Xeral, o informe resumo dos resultados do control interno sinalado no artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo. O informe resumo será remitido ao Pleno, a través do Presidente da Corporación.

A Intervención elaborou o presente informe que contén os resultados máis significativos das actuacións de control financeiro conforme ao Plan Anual de Control Financiero 2023, elaborado pola Intervención e asinado o día 20 de febreiro de 2023, no que se establecían para 2023 as seguintes actuacións de control:

1. INGRESOS.

1.1. Impostos e taxas: serán obxecto de control financeiro a aprobación e modificación das ordenanzas fiscais que se leven a cabo durante o exercicio 2023.

1.2. Taxas: someteranse a control financeiro as devolucións de ICIO.

2. GASTOS.

2.1. Gastos de persoal:

2.1.1. Selección de persoal: será obxecto de control financeiro un expediente de selección de persoal.

2.2. Capítulos 2 e 6 do orzamento:

2.2.1. Comprobación contratos menores: a través dos datos da contabilidade e do modelo 347 intentarase detectar posibles fraccionamentos de contrato, para concretar as necesidades de licitación de servizos e subministros, facendo especial fincapé nos fraccionamentos detectados no control financeiro realizado durante o exercicio 2021.

2.2.2. Contratación: serán obxecto de control financeiro o cumprimento dos prazos de execución das obras finalizadas no ano 2022.

3. SUBVENCIONES.

3.1. Aportacións a grupos políticos: efectuarse control financeiro sobre o destinos dos fondos percibidos polos grupos políticos municipais con cargo aos orzamentos do Concello de Ribeira.

3.2. Subvencións en concorrencia competitiva: efectuarase control financeiro sobre os beneficiarios dunha convocatoria.

ALCANCE DO INFORME

Os resultados contidos neste informe global son os que esta Intervención considerou oportuno expoñer como aspectos máis significativos pola súa relevancia cuantitativa ou cualitativa, pola súa reiteración, pola súa novidade, ou polas súas circunstancias, obtidos a partir de actuacións de control financeiro e de función interventora.



O alcance deste informe é o seguinte:

Controis do Plan 2023 con resultados especialmente significativos

Denominación da actuación	Ámbito obxectivo e temporal	Ámbito subxectivo
Comprobación de contratos menores	Contratos menores realizados en 2022	Concello de Ribeira

CONCLUSIÓNS DO TRABALLO E RECOMENDACIÓNS

A continuación expóñense, segundo a actuación da que proceden, os resultados máis significativos que a xuízo desta intervención deberán ser tomados en consideración:

1.1 Primeiro resultado

No exame dos contratos menores realizados polo Concello de Ribeira durante o ano 2022 observouse a existencia de fraccionamento nos seguintes servizos e subministros: subministro de combustible para os vehículos municipais, subministro de material de obras, servizo de imprenta, servizo de telefonía e conexión á rede, servizo de asistencia técnica e subministro de material de son e subministro de flores e plantas.

Cabe dicir que este mesmo resultado xa se detectou na actuación de control dos catro anos anteriores, e xa foi incluído no informe resumo como situación a corrixir que requiría plan de acción. O plan de acción elaborado pola Alcaldía incluía as tarefas necesarias para corrixir esa deficiencia, pero non se realizaron durante o 2022.

Recomendación

Que os servizos afectados por ditos contratos procedan a definir as súas necesidades aos efectos de redactar os pregos que permitan sacar a licitación os mencionados servizos e subministros.

En Ribeira, á data da sinatura dixital.

O INTERVENTOR

Pablo Bao Castro

ANEXO

SITUACIÓNS A CORREXIR QUE REQUIRAN PLAN DE ACCIÓN



Descrición da situación a corrixir	Informe de control financeiro afectado
Fraccionamento de varios contratos de servizos e subministros que deberán ser licitados con arranxo á LCSP.	Informe control financeiro contratos menores.

O Pleno queda enterado.

10.- DACIÓN DE CONTA DECRETOS DA ALCALDÍA (ART. 42 DO ROF).

De acordo co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 123.1.a do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira, o Sr. Alcalde-presidente da conta dos decretos asinados dende a celebración do derradeiro pleno ordinario (**30 de outubro de 2023**)

O Pleno da **Corporación Municipal** queda enterado, non producíndose manifestacións nin opinións en contra.

11.- MOCIÓN DE URXENCIA.

En cumprimento do disposto nos artigos 82, 83 e 91.4º do R.O.F., e no artigo 109.5 do R.O.M., o Sr. Alcalde-Presidente, preguntas ós/ás sres/as voceiros/as de teñen algunha moción urxente que non teña cabida na quenda de rogos e preguntas, non presentándose ningunha

12.- ROGOS E PREGUNTAS.

Polo **Grupo Municipal do PP** dase conta das seguintes preguntas presentadas previamente por escrito en tempo e forma:

1.-PREGUNTA presentada por **D. Emilio Pérez Outeiral, concelleiro do grupo municipal do PP**, con data 22 de novembro de 2023 (rex de entrada nº 27037) e que é do seguinte tenor literal:

Ahora mesmo en Palmeira as herbas nacen, crecen, reproducense e morren, e marren sen cortar porque desde o pasado mes de abril, aldeas como Mondelo, Brañal, Carolo Ría Azor, San Pedro etc. Estas aldeas tamen chamadas pola súa Concelleira, Corredoiras en algun mitin, non se lle volveu a tocar desde o mes de abril. Si se desbrozou en algúns puntos no centro de Palmeira pero nas aldeas non, salvo diante da miña porta. Pero aquí Señor Alcalde desbrozo eu, sempre o fixen así, non por ser concelleiro me viñan a min desbrozar como insinuaron nos mítines de campaña algun dos seus concelleiros E repito ca miña desbrozadora non coma algun concelleiro que o fai con Fitosanitarios empregados na vía pública, pero bueno este é un tema que falaremos, donde habra que depurar as súas correspondientes responsabilidades.

Señor Alcalde tanto os que vivimos nas corredoiras, coma os que viven no centro, pagamos os mesmos impostos, e en algúns casos bastante máis.

Polo tanto por todo o aquí exposto formulo a seguinte, PREGUNTA





Cando o equipo de goberno ten pensado acometer os correspondientes desbroces non, solo en Palmeira sinon tamen no resto das parroquias?



CSV: 07E80012CBD200A417S7R7P4K4





CSV: 07E80012CBD200A417S7R7P4K4

FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 08/01/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 08/01/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 08/01/2024 14:52:34

DOCUMENTO: 20241231826

Fecha: 08/01/2024

Hora: 14:52





CSV: 07E7001264E700L9S4H3G5Q3L6

A Sra. Redondo Fernández, concelleira do grupo municipal do PBBI, e concelleira delegada do servizo de referencia, procedese a contestar nos seguintes termos:

Eu como concelleira deste servizo voulle a contestar Sr. Outeiral, en primeiro lugar saltouse un parágrafo do seu escrito onde di textualmente:...” *Estas aldeas tamen chamadas pola sua Concelleira, Corredoiras en algun mitin,”*; alégrame saber que teño un fan no Partido Popular que sabe mellor os mitins que eu mesma. Tamén o vou a felicitar porque por fin sabe vostede usar a desbrozadora, nunca é tarde se a dita é boa, pero bueno; non sei a que concellal se refire cando di que un o fai con fitosanitarios, pero eu como concelleira animo a animalo no organismo correspondiente que este non é desde logo. En canto ao terreo público voulle a recordar que os traballadores deste Concello no mes de agosto estiveron en Palmeira, si nesas corredoiras que vostede menciona, no Brañal, Mondelo, San Pedro, Riazor; si, estiveron desbrozando Sr. Outeiral. Teño aquí fotos. Gracias Sr. Outeiral por desbrozar no Brañal. Quérolle recordar que estiveron no mes de agosto traballando incansablemente como están facendo a día de hoxe na parroquia de Castiñeiras. En Palmeira, van a comenar a segunda fase no mes de xaneiro porque aquí eles traballan por periodos. Sabe que Ribeira ten unha superficie moi grande, que os traballadores son os que son, e si deixaran as arcas un pouquiño mais cheas igual podía contratar unha empresa externa, pero debido a que as deixaron vacías, pois, téñome que apañar có que hay. En canto ás imaxes que mostra aquí..., o servizo de limpeza está facendo un traballo espectacular, o cal a día de hoxe esforzase por mellorar cada día o seu servizo. En canto, a foto iba a decir que esta é de cando se inaugurou, é do día seguinte porque se pode ver aquí pulpería García. Sinceramente, Sr. Outeiral, me parece moi nefasto que vostede pase por alí a quitar a foto, pero bueno, é igual, é o seu labor, está na oposición, eu entendo perfectamente. Dende aquí, dende o Concello de Ribeira, eu como responsable deste servizo quero agradecerlle tanto ao servizo de limpeza como ao de desbroces, todo o traballo que está facendo día a día, traballo incansable que fan para ter a Ribeira e o entorno de Ribeira limpo; non solo aquelas zonas donde viven os concelleiros, senon todo, e recalco o

CSV: 07E80012CBD200A417S7R7P4K4



dito anteriormente en mitins. Sinceramente, os meus parabéns a tódolos traballadores, mais nada, moitas gracias, Sr. Outeiral.

2.-PREGUNTA presentada por **Dña. Ana Isabel Barreiro Rego, concelleira do grupo municipal do PP**, con data 22 de novembro de 2023 (rex de entrada nº 27140) e que é do seguinte tenor literal:

Dª. Ana Isabel Barreiro Rego, concelleira do Grupo Municipal Popular de Ribeira, con DNI 52459627-P, presenta a seguinte pregunta en pleno con motivo do pleno ordinario da Corporación Municipal de Ribeira.

O Programa de Servicios Sociais de dinamización social e Cultural das persoas maiores do Concello de Ribeira, é unos dos programas que máis aceptación ten entre as persoas maiores e non tan maiores do concello.

Extendese e da cobertura cunha ampla gama de actividades físicas, lúdicas, educativas, sociais e de lecer a toda as parroquias do concello.

Compromiso do anterior goberno de levar a toda as parroquias, todos os servicios. Así mesmo, contribúe a fomentar un estilo de vida saludable e activo das personas maiores que nesas parroquias viven.

Vimos de saber que nas parroquias de Aguiño, Castiñeiras, Oleiros, Oliveira e Corrubedo...etc todas menos Ribeira e Palmeira acaban de comenar a impartirse esta semana as clases de “Memoria”, case a rematar o trismestre.

Pese a que o programa foi presentado fai meses, e que é ofrece as persoas maiores un servicio esencial, moi demandado e de gran necesidade. E que varias veciñas e veciños das parroquias viñeron a protestar a alcaldía.

Alén disto que exponemos, sabemos que a contratación da mestra estivo a sufrir retrasos, xustificados polo prazo de exposición pública dos orzamentos do Concello aprobados o 11 de outubro. Iso sábemolo, pero cal foi a nosa sorpresa saber que outra mestra que estaba na mesma situación de espera da exposición pública foi contratada o 19 de outubro, sen que rematara o prazo da devandita exposición pública.

Esto deixa de manifesto dúas cousas moi claras:

1.-Que tiñamos razón cando decíamos que si se tumbaban os nosos orzamentos que non íamos poder contratar á profesora do Conservatorio, o tempo danos a razón. E daquela tivemos que escoitar por parte da oposición, hoxe goberno, que éramos uns alarmistas.

2.-A arbitrariedade e falta de xestión xa que unhas persoas se lles contrata e a outras non.

Polo exposto, presentamos a seguinte pregunta:

Cal foi o motivo desta discriminación á hora de que estas traballadoras empezaran a traballar?

O Sr. Mariño de Bricio, concelleiro do grupo municipal do PBBI, e concelleiro delegada do servizo de referencia, procedese a contestar nos seguintes termos:

Antes de nada, bienvenido Sr. Lijó. Sra. Barreiro, en SS.SS. vd a mí, lecciones las justas pues antes de que vd fuera concejal, un servidor ya lo había hecho antes de llegar vd. Vd, habla en lo que se refiere a mi delegación de SS.SS. de la persona encargada de impartir los cursos de memoria; antes de llegar vd aquí, un servidor ya tenía este problema en la mesa y después de irme ha tenido que presentar alguna persona una demanda, la encargada de impartir los cursos, para que pasase a ser en este momento una fija discontinua. Mire vd, le puntualizo y le informo que Ribeira y Palmeira empezaron antes, porque



esos dos lugares fueron impartidos por personal de plantilla. La persona encargada del resto de las parroquias firmó un contrato el mismo día siguiente a la presentación de los presupuestos. Responsabilidad de no existir presupuestos aprobados?, bueno, para nosotros, vd ya sé que no va a estar de acuerdo, pero la responsabilidad de que no haber presupuestos aprobados, han sido vds, con su manifiesta incompetencia en no traer unos presupuestos en tiempo y por su manifiesta incompetencia en su incapacidad de negociar con el resto unos presupuestos. En el caso de la profesora del conservatorio que vd hace referencia, se hizo una transferencia de crédito en su día y se pudo contratar porque existía partida económica. Vds, no hicieron esa previsión; en el caso de que la hubieran hecho, de lo que hablan al inicio, se pudiera haber contratado. Vds, han sido responsables, los únicos responsables de ese retraso en el comienzo de los talleres de memoria en las parroquias, por su mala gestión y su mala previsión. Es más, ya debe saber que este nuevo Gobierno, este suceso no volverá a ocurrir, pero para su información y para los vecinos y vecinas que nos estén oyendo, ya que hemos firmado ese contrato más tarde, yo también les anuncio para todos los que nos estén escuchando y para los que participen de esos talleres de memoria, que aumentaremos un mes más, este año, esos talleres; en vez de acabar en mayo acabaríamos en junio. Nada más, muchas gracias.

3.-ROGO que formula **D. Alejandro Vidal Sánchez**, concelleiro do grupo municipal do PP, con data 22 de novembro de 2032 (rex de entrada nº 27148) e que é do seguinte tenor literal:

A estrada DP-7307 a cal pertence a deputación da Coruña na que gobernan o BNG e o PSOE, e coñecido, que a altura do km 2 existe un punto negro, no que nos dous últimos anos houbo dous sinistros de alto alcance en danos materiais, dos cales axuntamos fotografías. Un deles incluso deixando dous feridos que tiveron que pasar pola U.C.I.

Xa en épocas pasadas, tamén hai rexistros de outros sinistros nos que todos eles son causa da alta velocidade, as que circulan os vehículos en ámbolos dous sentidos polo tramo sinalado.

Para este lugar estaba solicitado un calmado de tráfico que ía dentro dos fondos EDUSI, que non chegaron porque o estado quedouse sen fondos, e quedaron a expensas dunha modificación de crédito por parte do estado, que nin sabemos si chegara en algún momento a día de hoxe.

Polo que rogamos:

-Realizar un informe policial de todos os sinistros rexistrados en dito tramo para axuntar a petición que se formule a deputación.

-Facer a petición ou o permiso pertinente a deputación para a instalación de elementos que obriguen os vehículos a moderar a velocidade en dito tramo

O Sr. alcalde-presidente procede a contestar nos seguintes termos:

Moitas gracias Sr. Vidal; ben, pois efectivamente nesa estrada DP-7307, hai un problema grave de velocidade. Non é unha cuestión nova, efectivamente, xa se fixeron algúns pasos elevados para tratar de reducir a velocidade, pero vese que hai cuestións que teñen que seguir implementándose. Creo que eses pasos de peóns, reducir a velocidade é moi necesario para garantir a seguridade viaria, tanto para as persoas que van no seu propio vehículo como as persoas viandantes, e faremos ese informe policial. Non teña dúbida de que llo remitiremos tamén, tanto á Deputación como a vostede para que teña debida conta de que se fixo.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente levanta a sesión ás **21 horas e 40 minutos** do día da data do que eu, como Secretario dou fe e certifico.

O alcalde-presidente

O secretario xeral



Asdo.Luis Antonio Pérez Barral

Asdo. Juan Manuel Salguero del Valle



FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 08/01/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 08/01/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 08/01/2024 14:52:34

DOCUMENTO: 20241231826

Fecha: 08/01/2024

Hora: 14:52

CSV: 07E80012CBD200A417S7R7P4K4

